



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

JT

N/REF: AH-LU-005-09(7)

S/REF: H/27/93-0218

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACION Y MEDIO AMBIENTE	CONFEDERACION HIDROGRAFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE ENTRADA	OFICINA OURENSE
03/10/2016	12:23:10
E065201600004654	

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 29/09/2016 09:48:27

SAÍDA 11785 / RX 1383217



De acordo coa súa solicitude, achégolle o informe emitido por esta Dirección Xeral en relación coas recomendacións a seguir para evitar e/o minimizar o impacto sobre especies catalogadas, das obras relativas ao dispositivo de franqueo do Caneiro da Luz e do Caneiro da Praia e das obras de reparación e dragado da canle de derivación, do proxecto de Rehabilitación da Central Hidroeléctrica Fábrica da Luz.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2016

A Directora Xeral de Conservación da Natureza

Ana María Díaz López



CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL
C/ PROGRESO, 6
32005 – OURENSE

PASE	Copia <input type="checkbox"/>	A
Copia <input type="checkbox"/> Orig. <input type="checkbox"/>		
A PROVECELLULARES		
TUBOS ESTRUCTURALES		
Para conocimiento		
Para informe		
Para cumplimiento		
Para despachar conmigo		
Para preparar contestación		
Fecha:	Firma:	
4/10	AM	



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

JT/jmp

ASUNTO	INFORME AMBIENTAL SOBRE RECOMENDACIÓNIS A SEGUIR PARA PROTEXER OU MINIMIZAR O IMPACTO SOBRE ESPECIES CATALOGADAS, DAS OBRAS RELATIVAS AO DISPOSITIVO DE FRANQUEO DO CANEIRO DA LUZ E DO CANEIRO DA PRAIA E DAS OBRAS DE REPARACIÓN E DRAGADO DA CANLE DE DERIVACIÓN	CLAVE	AH-LU-005-09(7)
PROXECTO	REHABILITACIÓN DA CENTRAL HIDROELÉCTRICA FÁBRICA DA LUZ		
ESPAZO NATURAL	ZEC e ZEPVN "Parga-Ladra-Támoga"		
MUNICIPIO	Lugo	PROVINCIA	Lugo
ORGANISMO SOLICITANTE	Confederación Hidrográfica del Miño-Sil	Ref.:	H/27/93-0218
PROMOTOR	Concello de Lugo	Ref.:	

ANTECEDENTES

1. Con datas 06/09/2016 e 09/09/2016 tiveron entrada no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (nº13317/RX2339518 e nº13627/RX2383063) os escritos da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil onde se especifica que o Servizo de Conservación da Natureza de Lugo constatou a presenza de especies catalogadas no recoñecemento sobre o terreo das obras relativas aos dispositivos de franqueo do Caneiro da Praia e do Caneiro da Luz do proxecto de referencia.
2. Posteriormente, con data 16/09/2016 ten entrada no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (nº14060/RX2444440) outro escrito da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil onde se recolle que segundo a acta da mostraxe do 05/09/2016 realizada polo Servizo de Conservación da Natureza de Lugo tamén se constata a presenza de especies catalogadas na canle de derivación da Fábrica da Luz.
3. En consecuencia e tendo en conta o especificado na Declaración de Impacto Ambiental (DIA) deste proxecto (BOE núm.189, mércores 8 de agosto de 2012), a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil solicita a esta Dirección Xeral que informe das recomendacións a seguir para protexer, ou minimizar o impacto sobre, as especies catalogadas que foron detectadas.



4. Por conseguinte, emítese o presente informe tendo en conta as consideracións aportadas polo Servizo de Conservación da Natureza de Lugo no seu informe elaborado o 26/09/2016.

ANÁLISE

Con respecto ás recomendacións a seguir para protexer, ou minimizar o impacto sobre, as especies catalogadas, das obras relativas ao dispositivo de franqueo do Caneiro da Luz e do Caneiro da Praia e das obras de reparación e dragado da canle de derivación do proxecto de Rehabilitación da Central Hidroeléctrica Fábrica da Luz, estas foron analizadas e valoradas polo Servizo de Conservación da Natureza de Lugo nos seguintes termos:

"INTRODUCIÓN E OBXECTO DO INFORME:

Con data 22/09/2016 tivo entrada procedente da Subdirección Xeral de Espazos Naturais a solicitude de informe sobre o proxecto de Rehabilitación da Fabrica da Luz, no río Miño no Concello de Lugo. Trátase de informar sobre as recomendacións a facer no proxecto sinalado ante a aparición, en diferentes zonas da obra, de especies catalogadas segundo o Decreto 88/2007, de 19 de abril, pola que se regula o catálogo galego de especies ameazadas e Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro e as súas modificacións: Orden AAA/75/2012, de 12 de xaneiro; Orden AAA/1771/2015, de 31 de agosto y Orden AAA/1351/2016, de 29 de xullo).

Atendendo a convocatoria feita pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, ante a petición que lle fan os promotores da obra e da empresa encargada dos traballos, fixérонse diferentes traballos de mostraxe para replánleo no emprazamento de 3 ataguías e canle de derivación da minicentral Fabrica da Luz:

- Ataguía nº1 mostraxe o 29/08/2016 con acta levantada nesa data,
- Ataguía nº2 mostraxe o 1/09/2016 con acta levantada nesa data,
- Ataguía nº3 mostraxe o 9/08/2016 con acta levantada nesa data,
- Canle de derivación: mostraxe o 05/09/2016 con acta levantada nesa data.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

Estas mostraxes fixéronse co fin de realizar unha comprobación da posible presenza ou ausencia de especies catalogadas ou hábitats de importancia comunitaria nos tramos que se pretenden levantar as ataguías, facer obra e establecer zonas de paso de maquinaria. Con esta intervención dáse cumprimento ao exposto na Declaración de Impacto Ambiental (en adiante DIA), Resolución de 20 de xullo de 2012, da Secretaría do Estado de Medio Ambiente, pola que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto Rehabilitación da minicentral hidroeléctrica Fábrica da Luz, y ampliación de caudal en 11000 l/s (de un aproveitamento de 7000 l/s de auga do río Miño), en Castro de Romay, Concello de Lugo; publicada no BOE núm. 189 de mércores 8 de agosto de 2012. Esta DIA sinala para este proxecto na páxina 56807 que antes de comezar as obras se realizará unha delimitación de protección dos exemplares de interese na contorna; e o promotor sinala, ase mesmo, que seguirá as recomendacións establecidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza para evitar afeccions as zonas de interese faunístico. Ase mesmo na páxina 56809 da DIA sinálase que as prácticas de execución e explotación do proxecto deberán preservar a integridade do espazo natural protexido, Lugar de Importancia Comunitaria e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

As mostraxe a realizar eran para comprobación da posible presenza ou ausencia de especies catalogadas ou hábitats de importancia comunitaria nos tramos nos que se pretenden levantar as ataguías, para emprazar estas de xeito que non afecte a fauna, a flora e os hábitats. Foron todas elas unhas mostraxes moi lixeiras, nas que non se pretendía un estudo exhaustivo das poboacións presentes, tratándose de determinar as zonas que tiveran presenza destas especies para non danalas nas zonas concretas a facer as obras (non se inclúe a zonas de afección destas obras). Como resultado destas mostraxes apareceron especies protexidas en todos os tramos prospectados segundo se determina a continuación, en orde cronolóxica das mostraxes:

Ataguia nº3 (mostraxe o 9/08/2016)

Especies:

Unio delphinus, numerosos exemplares vivos e cunchas da especie)

Potomida littoralis (un exemplar vivo e cunchas da especie)

Isoetes fluitans.

Nymphoides peltata (fora do tramo da mostraxe pero con risco pola construcción da ataguía)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

Hábitats:

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri p.p.* e de *Bidention p.p.*

91EO* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)

Ataguía nº1 (mostraxe o 29/08/2016)

Especies:

Unio delphinus, numerosos exemplares vivos e cunchas da especie)

Potomida littoralis, un exemplar vivo e cunchas da especie

Nymphoides peltata, augas arriba e abaixo do caneiro.

Hábitats:

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri p.p.* e de *Bidention p.p.*

91EO* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)

Ataguía nº 2 (mostraxe o 01/09/2016)

Especies:

Unio delphinus, numerosos exemplares vivos e cunchas da especie.

Potomida littoralis, dous exemplares vivos e cunchas da especie.

Hábitats:

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri p.p.* e de *Bidention p.p.*

91EO* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

Canle de Derivación da minicentral (Mostraxe o 5/09/2016)

Especies:

Unio delphinus, numerosos exemplares vivos e cunchas da especie.

Potomida littoralis, numerosos exemplares vivos e cunchas da especie.

Tamén sinalar que, o tratarse dunha mostraxe moi lixeira en todos os tramos sinalados, é posible que estean presentes outras especies catalogadas de fauna y/o flora se a mostraxe se fixera en zonas mais amplas que as feitas que como se sinala, con anterioridade, corresponde exclusivamente a obras concretas e non inclúen as zonas de afección destas.

Por último sinalar que a DIA na páxina 56806 expón que a maior parte das obras, entendese que con excepción das escalas, realizaranse fora do río Miño. Das obras a de maior impacto previsto é o dragado da canle de derivación (UTM x 616218/ y 4762140 ata a UTM 616355/4792005, ETRS89 Huso 29) e instalación de novas turbinas (UTM 616355/4792005, ETRS89 Huso 29), sempre fora do río.

INFORME DE VALORACIÓN AMBIENTAL

PRIMEIRO

O informe redactase, entre outras normas, atendendo á base legal seguinte :

- Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza,
- Decreto 88/2007, de 19 de abril, pola que se regula o catálogo galego de especies ameazadas,
- Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro e as súas modificacións: Orde AAA/75/2012, de 12 de xaneiro; Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo)
- Lei 33/2015 de modificación da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade,
- Lei 7/1992, de 24 de xullo, de pesca fluvial de Galicia,
- Decreto 37/2014 do 27 de marzo (DOG do 31 de marzo) aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, que constitúe o instrumento para a planificación, ordenación e xestión dos espazos protexidos incluídos nela.
- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

SEGUNDO

As actuacións localízanse, dentro dun espazo protexido, tratándose do espazo coñecido como *Parga-Ladra Támoga*, coa presenza das seguintes figuras de protección, hábitats protexidos e especies de interese comunitario ou ameazadas (so aquelas mais relevantes):

Reserva da Biosfera denominada *Terras do Miño*, nomeada como área protexido por acordos intencionais do Estado segundo a Lei 42/2007, de 13 de decembro. A zona de obra atópase na zona núcleo desta Reserva

ZEPVN (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais): proposta de ampliación do espazo "Parga-Ladra-Támoga" que foi declarada Zona de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004 do 2 de abril (DOG do 12 de abril).

ZEC (Zona de Especial Conservación) Parga-Ladra-Támoga segundo o Decreto 37/2014.

Hábitats de importancia comunitaria e prioritarios*: 3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160, 3260, 3270, 4020*, 4030, 6220*, 6230*, 6410, 6430, 6530, 7110*, 7140, 7150, 7210*, 7230, 8220, 8230, 91D0*, 91E0*, 91F0, 9230.

Dentro deste espazo natural aparecen citadas as seguintes especies de importancia comunitaria ou ameazadas: presenza de *Nymphoides peltata*, *Isoetes fluitans* e *Luronium natans*, esta última especie non aparece nas mostraxes pero podería estar presente. Ase mesmo, é importante sinalar a presenza de avifauna na ribeira (varias especies), nalgún caso reproductoras. Reseñable tamén é a posible presenza de mamíferos como *Lutra lutra* e *Galemys pyrenaicus*.

A zona presenta poboacións probables dentro do Catálogo galego de especies ameazadas como é o mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*) o que aparece como en perigo de extinción, o espiñento (*Gasterosteus gymnurus*) o que aparece catalogado como vulnerable. **Especies estas que non apareceron nas mostraxes, pero que poderían estar presentes na zona.**

CONCLUSIÓN:

Por todo o exposto, e seguindo o establecido na DIA:

- Pag 56803 da DIA: Deberá atenderse á reproducción das especies mais significativas.
- Pag. 56804 da DIA: Deberá atenderse ao Decreto 88/2007, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.



A constatación nas mostraxes realizadas da presenza das especies ameazadas, descritas con anterioridade, segundo o Catalogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e o Catalogo Nacional (RD 139/2011) levaría implícito a toma de medidas tendentes a súa protección. Estas medidas non aparecen descritas de xeito específico na DIA, polo que corresponde unha avaliación destas poboacións e a proposta das medidas correctoras sobre os efectos das obras sobre as mesmas.

Propónense as seguintes medidas de xeito preventivo para poder garantir a situación das especies catalogadas atopadas na zona na que realizarán obras:

1.- Considérase necesaria a identificación precisa das especies catalogadas en cada zona de traballo e as afecciones posibles a estas fora destas zonas, para o que se debe requisitar que a empresa promotora entregue un plano determinando as áreas de obra e da área prevista de afeccións das actuacións, cunha escala que permita a correcta identificación das mesmas (mínimo 1:500)

2.- Co obxecto de determinar as especies de bivalvos doceacuícolas e especies flora que se atopen na área de obra e de influencia prevista das actuacións, e as súas poboacións, e en consecuencia poder adaptar o protocolo de actuación relativo aos exemplares de especies de bivalvos doceacuícolas e flora durante o desenvolvemento das actuacións, considérase necesario que se requirira ao solicitante un informe de avaliación cualitativa e cuantitativa das especies presentes na área na que se prevén desenvolver as actuacións, co seguinte contido mínimo:

1. Metodoloxía empregada.
2. Identificación taxonómica dos exemplares detectados.
3. Cartografía da distribución espacial dos exemplares observados para cada especie.
4. Quantificación das poboacións observadas

3.- Ase mesmo compe solicitar a empresa promotora unha proposta de protección sobre as especies afectadas polas obras e a súa área de influencia; que se realizarán para a completa protección da fauna e flora en todas as fases dos seus ciclos vitais.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

CONCLUSIÓN

En contestación a súa consulta e tendo en conta o informe elaborado ao respecto polo Servizo de Conservación da Natureza de Lugo, considérase que coa finalidade de protexer, e/ou minimizar o impacto sobre, as especies catalogadas, das obras relativas ao dispositivo de franqueo do Caneiro da Luz e do Caneiro da Praia e das obras de reparación e dragado da canle de derivación do proxecto de Rehabilitación da Central Hidroeléctrica Fábrica da Luz, deberanse ter en conta todas as medidas preventivas recollidas no citado informe.

O presente informe emítense sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacóns, autorizacións e/ou informes precisos. Calquera modificación deste proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2016

O xefe do Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas
P.A. O xefe da ÁREA TÉCNICA de Análise de Proxectos

José Manuel Pena Regueiro

Visto e Prace
A subdirectora xeral de
Espazos Naturais

M.ª Jesus Budino Rodríguez